



Galicia. A nosa economía en dixital A sociedade da información nas empresas de Galicia.

Resumo Executivo
Edición 2022



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2023

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons. Recoñecemento –Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>



Índice de Contidos

1. Introducción	Páx. 4
2. Caracterización do Sector empresarial galego	Páx. 6
3. Equipamento e conectividade	Páx. 9
4. Talento dixital: especialistas e perfís TIC	Páx. 13
5. Dixitalización da organización e xestión das empresas	Páx. 15
6. Tecnoloxías disruptivas	Páx. 18
7. Ciberseguridade	Páx. 21
8. Gasto en TIC	Páx. 23
9. Reciclaxe	Páx. 25
10. Conclusións	Páx. 27



1. Introducción

Introdución

Principais resultados do estudo “Galicia. A nosa economía en dixital. A Sociedade da Información nas empresas de Galicia”, edición 2022.

Estudo realizado polo Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia.

Incluído no Plan Galego de Estatística 2022-2026. Marco estratéxico: Estratexia Galicia Dixital 2030.


Obxectivos

Analizar en detalle, información cuantitativa do nivel de dixitalización, uso das TIC e do comercio electrónico de microempresas e das empresas de 10 e máis traballadores/as en Galicia.

Proporcionar información para avaliar o impacto das iniciativas impulsadas pola Estratexia Galicia Dixital 2030.


Fonte de Información

Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE). Foi facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre Amtega, o IGE e o INE.



2. Caracterización do sector empresarial galego

Caracterización do Sector empresarial galego



No ano 2022, segundo os datos do Directorio Central de Empresas do INE, a cifra de empresas en Galicia foi de 196.530. A gran maioría das empresas galegas (96,4%) son microempresas (de 0 a 9 empregados/as).

A provincia onde se ubican máis empresas é A Coruña, cun 41,3% e Pontevedra, co 35,1%.

Localización da sede das Empresas


(Total de Empresas)

	DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	TOTAL
A CORUÑA	78.106	3.055	81.161
LUGO	23.366	743	24.109
OURENSE	21.702	671	22.373
PONTEVEDRA	66.104	2.783	68.887
TOTAL	189.278	7.252	196.530

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2022

Distribución das empresas segundo número de traballadores/as

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2022

Caracterización do Sector empresarial galego




A gran maioría de empresas encádrase no sector Servizos, que abrangue ao 79,9% das empresas galegas.

O 58,6% teñen a consideración de "persoa física".

Actividade das Empresas


(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2022

Forma Xurídica das Empresas

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2022




3. Equipamento e Conectividade

Equipamento

Empresas que dispoñen de ordenadores


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: INE (2022)

Empresas que dispoñen de ordenadores

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2022)




Os ordenadores están presentes na práctica totalidade das empresas de 10 ou máis empregados/as; nas microempresas segue a tendencia alcista deste equipamento.

No 2022, este equipamento está presente no 84,6% das microempresas galegas, crescendo a súa presenza nun 2,3% no último ano.

Contratación de Internet

Empresas que teñen acceso a Internet contratado

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: INE (2022)




A contratación da internet no 2022, acada a práctica totalidade das empresas de 10 ou máis empregados/as.

Nas microempresas galegas mantense a contratación da internet nunha porcentaxe similar á de 2021 (80,3%).

Empresas que teñen acceso a Internet contratado

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE (2022)

Velocidade de conexión contratada

Velocidade contratada


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet e banda larga fixa)



Fonte: INE (2022)


Evolución da velocidade contratada: 0 a 9 empregados/as

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet e banda larga fixa)



Evolución da velocidade contratada: 10 ou máis empregados/as

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con sede e actividade en Galicia conexión a Internet e banda larga fixa)



No últimos anos, o aumento da velocidade contratada foi notorio, tanto nas microempresas como nas empresas de 10 ou máis empregados.

A porcentaxe de microempresas con velocidade maior ou igual que 100Mbps multiplicouse por catro no período 2018-2021, pasando do 15,3% ao 61,2% en 2021 pero non sobe xa no último ano.

O crecemento da velocidade contratada das empresas de 10 e máis empregados non deixa de subir e, durante 2022, un 71% de empresas conta con máis de 100 Mbps/seg, catro puntos máis ca o ano anterior.




4. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC

Talento Dixital: Especialistas e Perfís TIC

Empresas que empregan especialistas TIC

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2022)


O 20,1% Nas empresas galegas de 10 ou máis empregados/as conta con perfís TIC, superando a media estatal (17%) en 3,1 puntos porcentuais.

Entre esas empresas, un 55,4% emprega mulleres especialistas TIC.




Empresas con mulleres especialistas TIC

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as que empregan especialistas TIC)




Fonte: INE (2022)



5. Dixitalización da organización e xestión das empresas

Páxina Web e Redes Sociais

Dispoñibilidade de Páxina Web
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2022)




No ano 2022 segue a subir a dispoñibilidade de páxina web entre as microempresas galegas (31%). A porcentaxe de empresas galegas de 10 ou máis asalariados/as que posúen páxina web xa acadou o 79,5%.

O 36,5% das microempresas galegas ten presenza nas redes sociais, case 4 puntos porcentuais menos que no 2021.


Con respecto ás grandes empresas, apenas observamos grandes cambios pero a tendencia, ao igual que nas microempresas, é unha diminución das porcentaxes con respecto a 2021.

Empresas que utilizaron medios sociais sociais, 10 ou máis empregados, evolución do indicador
(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2022)

Empresas que utilizaron medios sociais, 0 a 9 empregados, evolución do indicador
(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2022)

Comercio Electrónico



Vendas

Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as a evolución

=

no último ano

Vendas

Nas microempresas

+36%


no último ano

Evolución das vendas a través de Internet




O 12,8% das microempresas galegas vende a través da Rede, cifra próxima á media estatal (13%). No caso das empresas de 10 ou máis empregados/as con actividade en Galicia, a porcentaxe sitúase no 24,2%, mesma cifra que en 2021

Vendas no último ano (% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2022)

Compras no último ano (% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2022)



6. Tecnologías Disruptivas

Intelixencia Artificial (IA).

O 14,8% das empresas de 10 ou traballadores/as con actividade en Galicia empregan IA, superando en 3 puntos porcentuais a media estatal. Nas microempresas, o emprego da IA alcanza ao 4,6%.




As solucións de Intelixencia Artificial máis utilizadas polas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia teñen que ver coa automatización de fluxos de traballos e toma de decisións e a linguaxe falada en formato lexible por unha máquina.

Nas empresas de menos de 10 traballadores, sobresaí o seu uso para converter a linguaxe falada en formato lexible por unha máquina.

Empresas empregan tecnoloxías de Intelixencia Artificial (IA)


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2022)

Solucións de IA máis utilizadas polas empresas

(% sobre o total de empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)



- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia
- Empresas de 0 a 9 traballadores/as con sede en Galicia

Fonte: INE (2022)


Big Data



No ano 2022, a evolución das empresas que analizaron Big Data segue a ser positiva. Respecto ao ano anterior, tanto as empresas de máis de 10 traballadores/as como as microempresas incrementaron ou mantiveron a análise de Big Data. Nas empresas de 10 ou máis asalariados/as con sede ou actividade en Galicia o uso de Big Data foi do 14,4%.


A fonte máis habitual dos datos para a análise Big Data das grandes empresas é a xeolocalización a partir de dispositivos portátiles mentres que as microempresas utilizaron máis os datos xerados por redes sociais.

Empresas que analizaron BIG DATA no último ano



Fonte: INE (2022)

Fontes de datos utilizadas para a análise BIG DATA



Fonte: INE (2022)




7. Ciberseguridad

Política de Seguridade



Empresas con medidas de seguridade TIC
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

Entre as microempresas galegas, o 52% utiliza medidas de ciberseguridade e, nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede ou actividade en Galicia, este indicador sitúase no 88,3%.

As medidas de seguridade TIC empregadas con maior frecuencia polas empresas galegas de maior tamaño son a autenticación mediante contrasinal forte e ter unha copia de seguridade de datos nunha ubicación separada. No caso das microempresas, a medida máis estendida é a autenticación mediante contrasinal forte, o resto está a distancia considerable.

Tipoloxía de medidas de seguridade

(% sobre o total de empresas que empregan algunha medida de seguridade TIC)



Fonte: INE (2022)



8. Gasto TIC

Gasto en TIC



GASTO TOTAL EN TIC AÑO 2021


373.362.600 € 
GASTO TOTAL EN TIC

126.042.900 € 
EMPRESAS DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS

247.319.700 € 
EMPRESAS DE 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS

Gasto TIC das empresas durante o ano 2021

(Miles de euros sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2022)

O gasto total en materia TIC das empresas galegas diminuíu en máis de 172 millóns de euros, pasando duns 545 no ano anterior a 373 millóns de euros.




9. Reciclaxe

Reciclaxe

Empresas que empregaron medidas de reciclaxe


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: INE (2022)

Empresas que empregaron medidas de reciclaxe

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2022)



O 44,1% das empresas de 0 a 9 empregados/as aplicaron medidas para reducir o uso de papel.

Entre as empresas de maior tamaño e sede en Galicia, dous terzos tomaron medidas para reducir o uso de papel e o 53% ten en conta o impacto medioambiental dos servizos e equipos TIC que utilizan.



10. Conclusiones

Conclusións



O número de empresas en Galicia no 2022 é de 196.530, das cales un 96,4% son microempresas (de 0 a 9 traballadores/as). O gasto total en TIC para o ano 2021 foi de 373 millóns de euros,.

No últimos anos, o aumento da velocidade de conexión a internet é notorio. A porcentaxe de microempresas con velocidade maior ou igual que 100Mbps multiplicouse por catro no período 2018-2021, pasando do 15,3% ao 61,2% en 2021. En 2022 estabilízase situándose nun 57,7%. O crecemento no caso das empresas de 10 e máis empregados, no mesmo período, foi do 104,9%, pasando do 32,7% no ano 2018 ao 71% no ano 2022.



Segue a consolidarse a dispoñibilidade de páxina web entre as microempresas galegas (31%). A porcentaxe de empresas galegas de 10 ou máis asalariados/as que posúen páxina web é xa do 79,5%.

O 36,5% das microempresas galegas ten presenza en medios sociais, nas grandes empresas, acadan o 65,9%.



O 12,8% das microempresas galegas vende a través da Rede, cifra próxima á media estatal (13%). No caso das empresas de 10 ou máis empregados/as con actividade en Galicia, a porcentaxe sitúase no 24,2%, a mesma que o ano anterior.

No 2022 mantívose a demanda de perfís TIC nas empresas galegas de 10 ou máis empregados/as. No 2022, un 20,1% conta con perfís TIC, superando á media estatal (17%) en 3,1 puntos porcentuais.



O 4,6% das microempresas galegas utilizan Intelixencia Artificial. No caso das empresas de 10 ou máis empregados/as, a porcentaxe sitúase xa no 14,8% das que teñen actividade en Galicia.

No 2022 increméntase lixeiramente a porcentaxe de empresas galegas que analizan Big data. Úsano o 14,4% das empresas galegas de 10 ou máis asalariados/as con sede ou actividade en Galicia.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA

Máis información: www.osimga.gal